

PROXECTO EDUCATIVO

IES da Illa de Arousa

REVISIÓN Nº :

DATA: 30/06/2023

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30/06/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30/06/2023

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Os centros docentes disporán de autonomía, no marco da lexislación vixente, para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse mediante o proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e as súas respectivas normas de organización e funcionamento.

O proxecto educativo de centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación

A táboa de contido da páxina seguinte actualízase automaticamente. Desenvolver os puntos que están a partir da páxina 2 inserindo o texto despois de cada un deles. Ao remate do documento actualizar a táboa de contido co botón dereito.

TÁBOA DE CONTIDO

1. CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
1.1. Resumo histórico.....	5
1.2. Historia do noso IES.....	6
1.3. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna.....	7
1.3.1. Situación xeográfica.....	7
1.3.2. Sociedade.....	8
1.3.3. Economía.....	8
1.3.4. Lingua vehicular do alumnado e a predominante na zona sen caer na análise que corresponde ao proxecto lingüístico.....	9
1.4. Características do alumnado.....	10
2. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS.....	11
2.1. Obxectivos.....	12
3. O CENTRO.....	17
3.1. Instalacións.....	17
3.2. Horarios xerais do centro.....	19
3.3. Área de influencia e centros adscritos.....	20
4. OFERTA EDUCATIVA.....	20
4.1. Etapas educativas.....	20
4.2. Organización da oferta.....	20
4.3. Medidas de atención á diversidade.....	26
5. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	26
5.1. Comedor.....	26
5.2. Transporte escolar.....	26
5.3. Outros servizos.....	26
6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	26
7. ESTRUCTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA.....	26
8. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIS DO ENTORNO.....	28
9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO.....	29
10. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO.....	30

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Resumo histórico

Os restos máis antigos que proban a existencia de habitantes na Illa de Arousa, remóntanse á Era Prehistórica. Pero á espera de novas investigacións, a *historia de A Illa* comézase a relatar na época do emperador romano Octavio Augusto (27 a.C.-14 d.C.). a presenza romana queda demostrada polos vestixios dun asentamento en Punta Cabalo, onde se practicou, xa daquela, o salgado e o sochado de peixe.

En tempos de Domiciano (81-96 d.C.) existiu unha Necrópole no Campo dos Bufos e unha vila romana preto de Nasos, emprazamentos que teñen pendente unha investigación arqueolóxica.

Entre as noticias máis antigas, coñécese que no século VII, San Fructuoso manda construír na Illa un mosteiro adicado a San Xulián. O rei Alfonso II, no 835, doa a Illa, xunto coas illas de Ons, Sálvora, Framio e Sinales, aos vixiantes da tumba do Apóstolo Santiago. No século X, o rei viquingo Gunderedo toma as illas de Arousa e Cortegada como bases do seus desembarcos, pouco despois de que Ordoño II, rei de Galicia, doase a metade da Illa ao mosteiro de San Martín Pinario. Os viquingos foron expulsados no 970 pero deixaron para sempre parte da súa cultura no pobo arousán, como o demostra a presenza da dorna, a embarcación tradicional indisoluble da forma de vida insular.

O medo a posibles invasións fixo que se quixera reforzar a vixianza das costas galegas, e así, o bispo Cresconio decide a construción de torres en Catoira, Lobeira, Lantaño, San Sadorniño, A Lanzada e Arousa (1037-1066). Esta última alzábase no actual barrio da Torre e ofrecía a vista a toda a Ría.

A Illa tivo o seu lugar en outras datas históricas: en 1248, barcos feitos e tripulados por arousáns participan no cerco de Sevilla para loitar contra os sarracenos. A partir de 1311, por orde de Fernando IV, os de Arousa encargábanse de proveer de aceite a lámpada da Catedral de Compostela.

O 1548 marca unha data clave na historia da Illa co reparto da terra en trece foros; son os chamados "*trece veciños*". A partires de aquí, orixinouse un cambio transcendental que significou a aparición da idea de independencia territorial. A poboación non deixará de medrar e de evolucionar dende unha economía agrícola ata facer da pesca a actividade xeneralizada, que se volveu a actividade principal no século XVIII. Pola metade deste século chegaron en Galicia en xeral - e na Illa en particular - asentadores cataláns que comezaron a crear establecementos de salgadura e cambiaron o tradicional sistema do Cerco Real pola "Xávega", sistema moito máis moderno: no 1775 había dúas "xávegas" na Illa de Arousa. Pero a industrialización do lugar chegou realmente no 1879, cando Juan Goday Güal

instala na Illa a que foi a primeira fábrica de conserva de peixe de Galicia, nomeada provedora da Casa Real en 1881. Ó longo de tres xeracións, os Goday mantiveron en pé unha empresa na que traballaron centos de illáns, converténdose en parte do seu patrimonio histórico. A Illa chegou a contar con once fábricas que explotaron durante anos os produtos máis demandados do seu mar

O século XX está marcado por logros importantes no terreo social, polo esforzo que fixeron os seus habitantes para conseguir melloras nas comunicacións, a dificultade que supuxo a chegada da luz eléctrica, o teléfono e, sobre todo, a consecución da ponte que une A Illa de Arousa con Vilanova, e a súa inauguración en setembro de 1985. Así como a consecución da autonomía como concello o 1 de xaneiro de 1997.

1.2. Historia do noso IES

No IES da Illa de Arousa impártese só a ESO (de 12 a 16 anos).

O IES da Illa de Arousa naceu no 1999 grazas á vontade dun grupo de docentes do CEIP da Torre-Illa, das familias e do concello da Illa, que optaron por impulsar a creación dun novo instituto de ensino secundario independente antes que ampliar o colexio existente e transformalo nun centro público integrado (CPI). O centro constituíuse como centro de educación secundaria obrigatoria de dúas liñas, abarcando os 4 cursos da ESO e foi mantendo o número de alumnado nestes anos. O espazo inicial foi ideado para 8 aulas de grupo, máis aulas específicas e instalacións deportivas. Dende o comezo houbo que adaptar progresivamente o espazo existente ás esixencias demandadas polos cambios nas leis e prácticas educativas que se sucederon ao longo do tempo. A zona inicialmente pensada para a cafetería foi dende o primeiro momento destinada a aula de informática e almacén e a vivenda do conserxe foi cedida para as actividades da ANPA e tamén para impartir durante varios cursos o PCPI. No segundo curso fíxose unha aula de plástica por enriba do pavillón. A necesidade de dispor dun maior número de aulas para PDC e desdobres obrigou a reducir progresivamente e finalmente a prescindir dos departamentos. No curso 20-21 fixéronse obras para aumentar a capacidade dalgunhas aulas de grupo e a vivenda do conserxe foi habilitada como aula de música. Así que levamos anos adaptándonos para optimizar un espazo que resulta insuficiente para os estándares actuais.

1.3. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna

1.3.1. Situación xeográfica

A Illa de Arousa atopase nas Rías Baixas, no medio da Ría á que debe o seu nome, na provincia de Pontevedra. É a maior de todas as illas de Galicia cos seus 7 km² de superficie nos que os seus casi 5 000 habitantes concéntranse no istmo ou

parte máis estreita. Iste istmo é considerado o núcleo máis poboado e donde se desenvolve a maior actividade económica, cultural e social deste municipio.

A Illa de Arousa enlaza co continente a través dunha ponte de casi 2 km de lonxitude inaugurado en Setembro de 1985. Ata ese momento as xentes do lugar trasladábanse en pequenos vapores ou barcazas ata o concello máis cercano. A construción da ponte supuxo un impulso económico para o concello que ata ese momento adicábase casi por completo a actividades de pesca e marisqueo, que hoxe en día aínda segue sendo o motor da súa economía. A Illa de Arousa foi declarada pola Unión Europea como reserva natural gracias a os seus 36 km de costa dos que 11 km son praias. É un concello no que o terreo urbanizado non chega a os dous kilómetros cadrados polo que ao visitante se lle ofrecen amplias zonas de monte, marisma e lagoa, entre as que sobresaen o "Parque Natural de Carreirón" declarado reserva natural polo proxecto Ramsar e zona de especial protección para aves pola directiva para a protección das aves na CEE.

Hoxe en día, o turismo constitúe unha fonte importante de ingresos. Os turistas e visitantes chegan na procura da tranquilidade do lugar, as praias e a gastronomía fuxindo da masificación turística.

Os lugares de maior interese para os visitantes son: o Parque Natural de Carreirón, as praias como por exemplo: Area da Secada e O Bao, que conta con Bandeira Azul; Camaxe, Camaxiñas, Espiñeiro... e todas as praias que bordean o Parque Natural de Carreirón. Tamén son lugares de especial interese para os visitantes o porto do Cantiño o do Xufre, e os muelles de O Campo, O Chazo e Cabodeiro, onde se pode apreciar o ambiente mariñeiro deste concello.

O punto máis alto de A Illa é o mirador do Santo. Desde aquí divísase unha panorámica da illa e sobre todo do seu núcleo urbano. Tamén cabe destacar o seu faro levantado no medio de grandes cons. Desde este lugar os solpores son incomparables. E para aquel visitante que desexe comprobar a unión da illa co mar, non pode deixar de visitar lugares como O Muiño das Mareas, o Museo da Conserva de Goday, o islote o Areoso... ou tamén practicar deportes náuticos (piragüismo, dornas, windsurf...) ou acudir a degustar produtos frescos propios do lugar nas numerosas festas gastronómicas que teñen lugar ao longo de toda a tempada estival.

1.3.2. Sociedade.

O municipio da Illa de Arousa conta cunha única parroquia, San Xulián, que agrupa ós seus 4.878 habitantes, dos cales 2.404 son homes e 2.474 son mulleres, segundo os últimos datos rexistrados do IGE (Instituto Galego de Estatística) do ano 2022.

A idade media dos arousáns é de 45'75 anos, polo tanto algo máis de dous anos máis baixa que a do conxunto de Galicia (47'74). Aínda así, hai que dicir que A Illa de Arousa (ao igual que a totalidade dos concellos galegos) está a vivir un

proceso de envellecemento da súa poboación, debido a dous feitos principais: a caída da natalidade e o aumento da esperanza de vida.

1.3.3. Economía.

Os recursos mariños son a súa principal fonte de ingresos. Destaca o sector mexilloeiro, o marisqueo a pé e a flote, ademais doutras artes menores de pesca.

A Illa conta con catro portos: o Porto do Xufre, o Porto da Ribeira do Chazo, o Porto do Cabodeiro e o Porto do Naval, todos eles destinados a actividades relacionadas co mar, principalmente a carga e descarga de mexilón, ameixa, peixe...



O outro sector destacado e en auge nos últimos anos é o de servizos, sobre todo debido ao inmenso potencial turístico co que conta a Illa. Destacan paraxes de gran beleza como o entorno do Faro Punta Cabalo, o mirador Con do Forno, o arquipélago Xiadoiro-Areoso ou o conxunto do Parque Natural do Carreirón.

Para poder facerse unha idea máis detallada do peso de cada sector na economía da Illa, resulta interesante ver os datos do IGE (Instituto Galego de Estadística) a este respecto:

- O 43'88% da poboación activa traballadora adícase a agricultura e a pesca.

- O 39'7% ó sector servizos.
- O 11'5% á industria.
- O 4'77% á construción.

Outra forma interesante para coñecer en profundidade a economía da Illa é a través das súas empresas e a condición xurídica destas. Das cales se desprenden os seguintes datos:

- Hai rexistradas 1135 empresas, das que 1030 son persoas físicas (autónomos), 68 son Sociedades de Responsabilidade Limitada (S.L.), 2 cooperativas, 1 Sociedades Anónimas (S.A.) e 34 constituídas de outras formas.

En canto ó numero de traballadores por empresa chega con dicir que o 100% son PEMES (Pequena e Mediana Empresa) e dentro destas o 90'75% son de carácter unipersoal.

1.3.4. Lingua vehicular do alumnado e a predominante na zona sen caer na análise que corresponde ao proxecto lingüístico.

O ambiente do alumnado é fundamentalmente galegófono aínda que presenta os típicos prexuízos socioculturais e económicos que afectan á lingua galega, tanto novos como vellos preconceptos. De todos os xeitos, as actitudes cara a lingua son complexas de establecer, pois conviven sentimentos de inferioridade cun gran aprecio pola lingua.

Os nenos e nenas da Illa de Arousa tenden a reproducir a mesma lingua que domina ambientalmente, con todos os seus castellanismos e vulgarismos e aínda sendo conscientes das incorreccións, coa vontade de converxer lingüísticamente en igualdade coa súa comunidade.

Na enquisa que se fixo polo EDNL no curso 20-21 os datos son os seguintes:

A lingua materna do 60% do alumnado enquisado é o galego. Un 38% sinala que é o castelán. Só un alumno marcou a opción de "outras linguas" diferentes do castelán e do galego na elección da lingua materna.

Se estratificamos os datos por xéneros, observamos algunhas diferenzas. Entre os homes, o galego representa o 62% da lingua materna e entre as mulleres, o 58%. Tradicionalmente, na Illa de Arousa o número máis elevado de castelán falantes presentábase entre as mulleres e, particularmente, nas nenas. A diferenza mesmo se podía percibir entre irmáns, eles falaban galego e elas castelán. Isto débese a un prexuízo tanto estético como sexista, que asocia o galego a unha lingua bruta e que, polo tanto, non sería axeitado para a socialización das mulleres, das que se agarda un comportamento lingüístico refinado.

Se desagregamos os datos por grupos de idades, tamén atopamos datos salientables e, neste caso, os resultados son contrarios aos esperados. Existe a percepción entre o profesorado de Lingua Galega do centro de que o uso do castelán é máis elevado entre o alumnado máis novo. Non obstante, os datos da enquisa conclúen que o galego é 4 puntos superior entre o grupo de idade de 11 a 13 anos ca no grupo de 14 a 16 anos.

Esta disparidade entre o percibido e os datos recadados pode ter varias interpretacións. A que manexamos por experiencia e coñecemento da contorna é que existe un certo número de alumnos e alumnas dos grupos de idade máis novos que teñen o galego como lingua materna e de relación familiar e que, non obstante, falan castelán no instituto. Estaríamos ante unha bolsa de falantes de galego ocultos. Non é posible discernir se esta sería a explicación para todas as respostas facilitadas na enquisa ou deberían apuntarse outras causas.

1.4. Características do alumnado

O centro oferta a etapa da ESO, con dous grupos por nivel e cando hai necesidade un grupo de PDC en 3º ESO e/ou 4º ESO. Procuramos facer desdobramentos de grupo, priorizando os niveis con maior número de alumnado.

Case a maioría do alumnado procede do CEIP Torre Illa da Illa de Arousa e continúa os seus estudos no IES A Basella, centro ao que está adscrito o noso IES. Unha porcentaxe menor do alumnado opta polos CF de Grao medio e unha minoría xa se incorpora a vida laboral. Hai moi poucos casos de abandono escolar. Non existe un alto grado de absentismo escolar no centro.

SÍNTESE DO PERFIL DO ALUMNADO

As dificultades máis salientables do noso alumnado podemos sintetizalas do xeito seguinte:

Aspectos Socioeconómicos

- Alumnado con condicións pouco favorables: Falta de materiais, conexión a internet, etc.

Aspectos Psicopedagóxicos

- Alumnado con NEAE que precisa da aplicación de diversas medidas de atención á diversidade (apoio PT, reforzo educativo, adaptacións metodolóxicas, aplicación dos diversos protocolos...)
- Alumnado que segue o ritmo da clase sen dificultades.
- Alumnado que admite maior afondamento nos contidos e presenta unha boa predisposición de cara ao académico.

Aspectos Emocionais e Actitudinais

- Alumnado con dificultades no eido emocional que afectan ao seu desenvolvemento integral: ansiedade, baixo autoconcepto e autoestima, situacións persoais/familiares que lle afectan ao estudo...
- Alumnado con dificultades na madurez vocacional para a toma de decisións ao remate da etapa.
- Alumnado que presenta problemas motivacionais/actitudinais: actitude pasiva, disruptiva ou retadora, desmotivada, con risco de abandono escolar temperán, que sabe que ten unha saída profesional asegurada (o mar) polo que non lle preocupa acadar unha titulación, etc.

Aspectos relacionados coa Saúde

- Alumnado con diferentes casuísticas sanitarias que inflúen no seu desenvolvemento académico e persoal.

Aspectos relacionados coa Convivencia

- Alumnado que presenta problemas de convivencia e falta de asertividade o que non favorece un adecuado clima de convivencia e aprendizaxe.

2. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS

Neste apartado, manifestamos a personalidade e os rasgos que queremos que nos definan como grupo educativo:

1.- Ensino público de calidade

No noso IES pretendemos desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Promover a **participación e o traballo cooperativo** é unha das nosas prioridades. Buscarase a participación e cooperación do alumnado na vida do centro: facelos partícipes significa darlles un maior grao de autonomía, protagonismo e responsabilidade.

2.- Igualdade de todos os membros da comunidade educativa sen ningún tipo de discriminación, (artigo 14 da Constitución Española de 1978).

A igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes; a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual; a inclusión educativa para que todo o alumnado, independentemente das súas características individuais, teña garantías de éxito na educación.

3.- Educación para a paz e os dereitos humanos, a convivencia e a educación intercultural.

Traballar a tolerancia, a cooperación, a convivencia e a solidariedade entre as persoas e os grupos.

4.- Desenvolvemento sostible

Continuaremos ocupándonos da educación medioambiental e o desenvolvemento sostible, a educación para a saúde e a educación vial.

5.- Innovación Educativa:

Promoveremos a dixitalización do ensino e fomentaremos o emprego de metodoloxías vivas e activas onde o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe.

6.- Relacións coa contorna

Tentaremos involucrar aos pais/nais no proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos/as e tamén na vida do centro facéndoos partícipes nas distintas actividades que se celebren no mesmo.

Pretendemos ampliar e mellorar as relacións co concello, cos demais centros educativos do contorno e con todas as asociacións deportivas e culturais da sociedade na que está integrada o noso centro.

2.1. Obxectivos

Obxectivo 1: Ter actualizados os plans e protocolos do centro				
Actuación 1	Actualizar o PE			
Indicador/es	Aprobación do PE			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo Directivo e grupo de traballo			
Recursos/ materiais	Normativa vixente. PFPP			
Actuación 2	Actualizar todos os plans e Protocolos			
Indicador/es	Aprobación e aplicación dos Plans e Protocolos			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo Directivo e grupo de traballo			
Recursos/ materiais	Normativa vixente. PFPP			

Obxectivo 2: Mellorar as instalacións do centro				
Actuación 1	Manter e mellorar a habitabilidade do centro			
Indicador/es	Grado de satisfacción da comunidade educativa			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo directivo			
Recursos/ materiais	Orzamento			
Actuación 2	Mellorar o mobiliario do IES			
Indicador/es	% de material en bo estado en cada estancia do IES			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo directivo			
Recursos/ materiais	Orzamento e dotación da Consellería			
Actuación 3	Organizar e distribuír o material de Polos creativos			
Indicador/es	% de material organizado			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Responsable	Coordinadora Polos creativos e colaboradores			
Recursos/ materiais	Aportado polo programa			

Obxectivo 3: Contribuír á mellora da calidade educativa				
Actuación 1	Actualizar a formación do profesorado mediante os plans de formación adaptados ás necesidades do centro			
Indicador/es	% de participación do profesorado			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo directivo e coordinadores do PFPP			
Recursos/ materiais	PFPP, CFR Pontevedra			
Actuación 2	Participar en diferentes plans e proxectos da Consellería para a innovación e mellora da calidade educativa			
Indicador/es	% de participación do profesorado			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo directivo e coordinadores dos diferentes programas			
Recursos/ materiais	PFPP, CFR Pontevedra			

materiais	
-----------	--

Obxectivo 4: Reducir a conflitividade e mellorar a convivencia do centro				
Actuación 1	Reforzar as funcións da subcomisión de convivencia			
Indicador/es	% de faltas de orde ao longo do curso			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Comisión de convivencia			
Recursos/ materiais	Medios humanos			
Actuación 2	Continuar coa formación en intelixencia emocional ao alumnado e titores/as			
Indicador/es	Número de sesións de formación			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Departamento de orientación			
Recursos/ materiais	Dotacións económicas de diferentes fontes.			

Obxectivo 5: Favorecer o traballo en equipo de toda a comunidade educativa				
Actuación 1	Manter un bo clima e ambiente de traballo			
Indicador/es	Número de actividades interdisciplinares			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Todos os departamentos didácticos			
Recursos/ materiais	Humanos			
Actuación 2	Organizar sesións de coordinación entre os diferentes departamentos			
Indicador/es	1 sesión mensual			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo docente			
Recursos/materiais	Medios humanos			
Actuación 3	Fomentar a participación das familias			
Indicador/es	Número de actividades nas que participan			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo Directivo e Dpt de Act. extraescolares e complementarias.			
Recursos/	Medios humanos			

materiais	
-----------	--

Obxectivo 6: Conseguir un centro enerxéticamente máis sostible				
Actuación 1	Reducir o gasto enerxético			
Indicador/es	Reducción de kw/h consumidos en cada curso académico. Reducción de L de gasoil consumidos en cada curso escolar. Porcentaxe de paneis led colocados nas dependencias do centro			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo directivo			
Recursos/ materiais	Paneis led, sensores de luz de movemento			
Actuación 2	Reducir o gasto de papel			
Indicador/es	Número de caixas de papel consumidas cada curso.			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Toda a comunidade			
Recursos/ materiais	Alternativa dixital			

Obxectivo 7: Lograr un centro máis inclusivo				
Actuación 1	Colaborar con outras asociacións, como por exemplo BATA			
Indicador/es	Número de colaboracións			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo Directivo e profesorado			
Recursos/ materiais	Medios humanos			
Actuación 2	Fomentar o uso da linguaxe inclusiva no centro.			
Indicador/es	Documentos escritos con linguaxe inclusiva.			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo directivo e equipo docente			
Recursos/ materiais	Medios humanos e documentación			

Obxectivo 8: Dinamizar a biblioteca escolar.				
Actuación 1	Continuar nos cursos sucesivos no programa PLAMBE e clubs de lectura e incorporarse a outros como por exemplo: bibliotecas solidarias, biblioteca creativa, Radio na Biblio...			
Indicador/es	Incremento de profesorado con dispoñibilidade horaria.			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Responsable da Biblioteca			
Recursos/ materiais	Humanos e económicos			
Actuación 2	Ampliar espazos de uso da Biblioteca Escolar			
Indicador/es	Número de lectores/usuarios			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo Directivo, Equipo da Biblioteca Escolar			
Recursos/ materiais	Espazos do centro / Recursos humanos			

Obxectivo 9: Promover o uso da lingua galega				
Actuación 1	Crear un equipo estable de dinamización da lingua galega			
Indicador/es	Número de asistentes ás reunións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.			
Temporalización	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	ED, Consello Escolar, Coordinador do EDLG			
Recursos/ materiais	Medios humanos			
Actuación 2	Promover a realización das actividades extraescolares e complementarias en Lingua Galega			
Indicador/es	Número de actividades nas que a lingua vehicular sexa o galego			
Temporalización	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo Docente, Coordinador EDLG, ED			
Recursos/ materiais	Medios humanos			
Actuación 3	Realizar enquisas de uso do galego para entender a progresión do seu emprego			
Indicador/es	Número de enquisas realizadas			
Temporalización	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>

Responsable	Equipo Docente, Coordinador EDLG, ED
Recursos/ materiais	Medios humanos e dixitais

3. O CENTRO

3.1. Instalacións

O IES da Illa de Arousa está situado no Concello Illa de Arousa, na provincia de Pontevedra.

O seu enderezo é: Rúa de Bouzas, s/n. 36626 Illa de Arousa (PONTEVEDRA)

Coordenadas da entrada principal: 42° 33' 24" N – 08° 51' 58" O

Datos de contacto:

- Teléfono: 886151059
- Fax: 886151065
- e-mail: ies.illa.arousa@edu.xunta.gal

O centro está dentro dunha finca duns 4.350 m² no lugar de A Bouza, no Concello de Illa de Arousa, en Pontevedra. O Centro atópase, en liña recta, a 1.000 m. do edificio do Concello.

O Centro ten dous edificios (foto 1): O Edificio principal (1) ten planta baixa e primeiro andar; o outro edificio (2) que é o pavillón deportivo cuberto, que ten unha planta baixa e un primeiro andar, ao que se accede dende o primeiro andar do edificio principal.




Foto 1

Edificio principal (1). Consta de planta baixa e primeiro andar.

O edificio principal ten un ascensor para comunicar os dous pisos, ademais de dúas escaleiras: Unha no lado norte do edificio, fronte as oficinas da planta baixa, e outra no extremo sur do edificio. O edificio principal aséntase sobre uns 1.143 m², e o pavillón atópase sobre 524 m². A distribución nos dous edificios é como segue:

- *Planta Baixa. Ten uns 1.143 m² de superficie. Nela están:
 - Os despachos da Dirección do Centro, Xefatura de Estudos e Secretaría.
 - A Sala de profesores, administración, a conserxería e o cuarto de cadros eléctricos e conexións.
 - O taller de tecnoloxía, a aula de música, a aula de informática, a aula de usos múltiples (Polos creativos), a sala de recepción de familias, e 3 aulas máis.
 - Aseos, almacén e cuartos de limpeza.
- *Primeiro Andar. Ten uns 1.041 m² de superficie. Nesta planta atópase:
 - Aula de orientación e de PT.
 - 8 aulas.
 - Biblioteca.
 - Laboratorio de ciencias
 - Aseos.
- *O pavillón deportivo (2). É un edificio cunha planta duns 524 m² onde se encontra:
 - Área deportiva
 - Vestiarios
 - Despacho do profesorado e unha zona de almacén.
- Na parte superior, á que se accede dende o primeiro andar do edificio de aulas, están: a aula de Educación Plástica e Visual, unha aula para os departamentos e un espazo aberto que se emprega como almacén.
- No exterior dos edificios atópanse os seguintes elementos importantes:
 - Unha pista descuberta.
 - O depósito de gasóleo.

- Un invernadoiro e unha horta escolar.

Debido a falta de salón de actos, a maioría de festivais que se organizan no centro, lévanse a cabo no Auditorio da Illa de Arousa.

3.2. Horarios xerais do centro

HORARIO LECTIVO

O centro permanece aberto para a actividade lectiva de luns a venres de 9:00 a 14:30 h, con seis períodos lectivos de 50 minutos e un recreo para o tempo de lecer do alumnado de media hora (de 11:30 a 12:00). Os martes pola tarde temos dous períodos lectivos de 50 minutos, de 16:30 a 18:10 h.

HORAS E CONDICIÓN DA DISPOÑIBILIDADE DE USO DAS INSTALACIÓNS PARA O ALUMNADO

As instalacións están dispoñibles polas tardes (agás a o do martes, pois hai clase ata as 18:10 h). Para o seu uso deberase cursar solicitude por escrito ante a dirección do centro. Non se permitirá a realización de actividades cando estas poidan obstaculizar o desenvolvemento de actividades escolares ou extraescolares.

HORAS E CONDICIÓN EN QUE O CENTRO PERMANECERÁ ABERTO PARA A COMUNIDADE ESCOLAR FÓRA DO HORARIO LECTIVO

Fóra do horario lectivo, os membros da comunidade escolar poderán solicitar por escrito ante a Dirección o uso das instalacións do centro. Pola súa parte, os profesores e profesoras poderán facer uso destas polas tardes, comunicando verbalmente.

HORARIO DE VERÁN

En xullo o centro permanecerá aberto ao público de 9:30 a 13:30 horas ata o día 10, se a matrícula xa rematou. A partires do día 11 de xullo o horario será de 10:00 a 13:00 horas. En agosto o centro manterá un teléfono de contacto de 10:00 a 12:00 horas, de luns a venres, para atender calquera cuestión.

3.3. Área de influencia e centros adscritos

ADSCRICIÓN

O noso instituto ten como centro adscrito o CEIP Torre Illa, e dende o curso 22-23 está adscrito ao IES A Basella (Vilanova de Arousa) para cursar bacharelato.

ÁREA DE INFLUENCIA

Concello da Illa de Arousa.

4. OFERTA EDUCATIVA

4.1. Etapas educativas

O IES da Illa de Arousa oferta os catro cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, e conta con dúas liñas. No curso 22-23 incorporouse o Programa de Diversificación Curricular.

Empréganse dúas aulas por nivel e as necesarias para aplicar as medidas de atención á diversidade (desdobres, apoios...).

4.2. Organización da oferta

Actualmente, as horas de libre disposición do centro están adicadas a Inglés e Lingua galega (1º ESO) e Lingua Castelá e Matemáticas (2º ESO).

1º ESO	2º ESO
MATERIAS OBRIGATORIAS <i>(HORAS SEMANAIS)</i>	MATERIAS OBRIGATORIAS <i>(HORAS SEMANAIS)</i>

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA. (3)	EDUCACIÓN FÍSICA. (2)
EDUCACIÓN FÍSICA. (2)	FÍSICA E QUÍMICA. (3)
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. (2)	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA. (3+1)
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA. (3)	LINGUA ESTRANXEIRA. (INGLÉS) (3)
LINGUA ESTRANXEIRA. (INGLÉS) (3+1)	LINGUA GALEGA E LITERATURA. (3)
LINGUA GALEGA E LITERATURA. (3+1)	MATEMÁTICAS. (4+1)
MATEMÁTICAS. (4)	MÚSICA. (2)
2ª LINGUA ESTRANXEIRA.(FRANCÉS)/REFORZO (2)	2ª LINGUA ESTRANXEIRA. (FRANCÉS) / REFORZO (2)
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN. (3)	TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN. (3)
XEOGRAFÍA E HISTORIA. (3)	XEOGRAFÍA E HISTORIA. (3)
RELIXIÓN/PROXECTO COMPETENCIAL (1)	RELIXIÓN/PROXECTO COMPETENCIAL (1)
TITORÍA (1)	TITORÍA (1)

3º ESO	
MATERIAS OBRIGATORIAS (HORAS SEMANAIS)	OPTATIVAS A ELIXIR: 1 (HORAS SEMANAIS)
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA. (2) EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS. (1) EDUCACIÓN FÍSICA. (2) EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. (2) FÍSICA E QUÍMICA. (2) LINGUA CASTELÁ E LITERATURA. (3) LINGUA ESTRANXEIRA. (INGLÉS) (3) LINGUA GALEGA E LITERATURA. (3) MATEMÁTICAS. (4) MÚSICA. (2) XEOGRAFÍA E HISTORIA. (3) RELIXIÓN/PROXECTO COMPETENCIAL (1) TITORÍA (1)	-CULTURA CLÁSICA. (3) -EDUCACIÓN DIXITAL. (3) -ORATORIA. (3) -2ª LINGUA ESTRANXEIRA. (FRANCÉS) (3)

3º ESO PDC	
MATERIAS OBRIGATORIAS (HORAS SEMANAIS)	OPTATIVAS A ELIXIR: 1 (HORAS SEMANAIS)
<p>ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL:</p> <p>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (3)</p> <p>LINGUA GALEGA E LITERATURA (3)</p> <p>LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) (3)</p> <p>XEOGRAFÍA E HISTORIA (3)</p> <p>ÁMBITO CIENTÍFICO – TECNOLÓXICO:</p> <p>BIOLOXÍA E XEOLOXÍA. (2)</p> <p>FÍSICA E QUÍMICA (2)</p> <p>MATEMÁTICAS. (4)</p> <p>-----</p> <p>EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS. (1)</p> <p>EDUCACIÓN FÍSICA. (2)</p> <p>EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. (2)</p> <p>MÚSICA. (2)</p> <p>RELIXIÓN/PROXECTO COMPETENCIAL (1)</p> <p>TITORÍA (1)</p>	<p>-CULTURA CLÁSICA. (3)</p> <p>-EDUCACIÓN DIXITAL. (3)</p> <p>-ORATORIA. (3)</p> <p>-2ª LINGUA ESTRANXEIRA. (FRANCÉS) (3)</p>

4ºESO		
MATERIAS OBRIGATORIAS (HORAS SEMANAIS)	MATERIAS A ELIXIR: 3 (HORAS SEMANAIS)	OPTATIVAS A ELIXIR: 1 (HORAS SEMANAIS)
EDUCACIÓN FÍSICA. (2) LINGUA CASTELÁ E LITERATURA. (3) LINGUA ESTRANXEIRA. (INGLÉS) (3) LINGUA GALEGA E LITERATURA. (3) MATEMÁTICAS A OU B (A ELIXIR) (4) XEOGRAFÍA E HISTORIA. (3) RELIXIÓN/PROXECTO COMPETENCIAL (1) TITORÍA (1)	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA. (3) DIXITALIZACIÓN. (3) ECONOMÍA E EMPRENDIMENTO. (3) EXPRESIÓN ARTÍSTICA. (3) FÍSICA E QUÍMICA. (3) FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL. (3) LATÍN. (3) MÚSICA. (3) 2ª LINGUA ESTRANXEIRA. FRANCÉS (3) TECNOLOXÍA. (3)	-CULTURA CLÁSICA, SE NON FOI CURSADA NO 3º CURSO. (3) -FILOSOFÍA. (3) -ORATORIA, SE NON FOI CURSADA NO 3º CURSO. (3) -UNHA MATERIA DE OPCIÓN DE MATERIAS A ELIXIR, QUE NON SE TIVESE ESCOLLIDO PREVIAMENTE (3)

4ºESO PDC		
MATERIAS OBRIGATORIAS (HORAS SEMANAIS)	MATERIAS A ELIXIR: 1 (HORAS SEMANAIS)	OPTATIVAS A ELIXIR: 1 (HORAS SEMANAIS)
ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (3) LINGUA GALEGA E LITERATURA (3) LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) (3) XEOGRAFÍA E HISTORIA (3) ÁMBITO CIENTÍFICO – TECNOLÓXICO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA. (3) FÍSICA E QUÍMICA (3) MATEMÁTICAS. (4) ----- EDUCACIÓN FÍSICA. (2) RELIXIÓN/PROXECTO COMPETENCIAL (1) TITORÍA (1)	DIXITALIZACIÓN. (3) ECONOMÍA E EMPRENDIMENTO. (3) EXPRESIÓN ARTÍSTICA. (3) FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL. (3) LATÍN. (3) MÚSICA. (3) 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS) (3) TECNOLOXÍA. (3)	-CULTURA CLÁSICA, SE NON FOI CURSADA NO 3º CURSO. (3) -FILOSOFÍA. (3) -ORATORIA, SE NON FOI CURSADA NO 3º CURSO. (3) -UNHA MATERIA DE OPCIÓN DE MATERIAS A ELIXIR, QUE NON SE TIVASE ESCOLLIDO PREVIAMENTE (3)

4.3. Medidas de atención á diversidade

- Reforzos na aula (profesorado con dispoñibilidade horaria, PROA+).
- Apoio da especialista de Pedagogía Terapéutica.
- Desdobramentos de grupos.
- Grupos de PDC.
- Outras medidas (ver Plan Xeral de Atención á Diversidade).

5. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

5.1. Comedor

O noso IES non dispón de comedor nin de cafetería.

5.2. Transporte escolar

RUTA Nº 1 Torre- Cabodeiro – Aceñas

Ruta nº 2 Campo- Palmeira – Semuíño – Textes

Ruta nº 3 Regueiro – Naval- Monte

5.3. Outros servizos

Non contamos co Plan Madruga nin con outros servizos.

6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Na PXA, están indicadas todas as actividades previstas para cada curso escolar.

A excursión de fin de etapa en 4º ESO é organizada pola ANPA coa colaboración do IES.

A Fundación A Illa, colectivo coordinado polo concello, organiza unha serie de actividades extraescolares pola tarde nas que fan uso do pavillón.

7. ESTRUTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA

O IES da Illa de Arousa organízase conforme a seguinte estrutura básica:

1. Órganos de Goberno

a) Órganos unipersoais:

- Dirección
- Xefatura de Estudos
- Secretaría

b) Órganos colexiados:

- Consello Escolar: Formado pola directora que é a presidenta, o xefe de estudos, a secretaria, que ten voz pero non voto, polo concelleiro de educación do concello, por 7 profesores/as, 4 alumnos/as, 3 pais, un deles representante da Anpa e por 1 persoa de PND.
 - Comisión económica.
 - Comisión de convivencia.
 - Comisión de biblioteca.
- Claustro de Profesorado: formado por **todo o profesorado** do centro.

2. Órganos de Coordinación Docente

- CCP: formada pola dirección, xefatura de estudos e a secretaria , especialista de pedagogía terapéutica e os xefes/as de departamento, a coordinación de biblioteca, de dinamización e de actividades complementarias.
- Departamentos Didácticos.
- Departamento de Orientación.
- Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Equipo de Dinamización Lingüística.
- Equipo de Biblioteca Escolar.
- Equipo de Dinamización das TIC.

3. Outros órganos

- Subcomisión de Convivencia Escolar (A Comisión pertence ao Consello Escolar).
- Xunta de Delegados.
- Asociación de nais e pais.

8. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIS DO ENTORNO

O Departamento de orientación do centro réunese trimestralmente cos Departamentos de orientación dos centros con adscrición CEIP Torre Illa da Illa de Arousa e IES A Basella de Vilanova de Arousa, co fin de coordinar actuacións.

Os diferentes departamentos do IES reúnen-se antes do inicio de cada curso escolar, cos titores/as do 6º curso do CEIP Torre-Illa, como medida facilitadora da transición do alumnado da Educación Primaria á ESO. Do mesmo xeito realízanse no IES diversas actividades facilitadoras da transición como a Xornada de Portas Abertas para o alumnado.

O centro mantén colaboración con diversas entidades co fin de complementar as actividades docentes (charlas, conferencias, visitas, compartir instalacións, etc.) e dar apoio ao alumnado con necesidades sociais.

Estas entidades son:

- Centros educativos da zona: centro adscrito CEIP Torre Illa da Illa de Arousa, IES A Basella de Vilanova de Arousa, e outros centros da contorna.
- Concello da Illa de Arousa. O Concello da Illa de Arousa proporciónalle ao centro soporte para manter a limpeza das zonas verdes do centro.

Do mesmo xeito, o Concello emprega as instalacións do Pavillón para a realización de actividades deportivas.

O Concello ofrécelle as instalacións municipais á comunidade educativa para realizar actividades complementarias e extraescolares, como pode ser o auditorio.

- Confraría de Pescadores da Illa de Arousa (OPP20): colabora co IES da Illa de Arousa na adquisición de material educativo.
- BATA Asociación de Tratamento do Autismo: Fanse actividades conxuntas entre os dous centros.
- Garda Civil.
- Universidade de Santiago de Compostela.

- Centro Residencial Docente de Vigo.
- Cruz Vermella.
- Biblioteca Pública Municipal.
- AESLEME Asociación Española de Lesionados Medulares.
- A Mesa Pola Normalización Lingüística.
- IGafa
- Instituto de Investigacións Mariñas - CSIC de Vigo.

9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

Documentos		Data aprobación Claustro	Data aprobación Consello Escolar	Data próxima revisión
PROXECTO EDUCATIVO				
Docu men tos inclu ídos dent ro do Prox ecto Edu c ativo	Plan Xeneral de Atención á Diversidade	24/09/2019	24/09/2019	
	Plan de Orientación	16/09/2018	16/09/2018	
	Plan Acción Titorial	16/09/2018	16/09/2018	
	Plan de convivencia	2020		
	Plan de igualdade	2019		
	Proxecto Lingüístico	2018	25/01/2018	
	Plan Biblioteca	22/06/2022	22/06/2022	
	Proxecto Lector	Anual		
	Plan de Formación Permanente do Profesorado.	2022		
	Plan Dixital	30/6/2022	30/6/2022	
	Plan Actuación ante Emerxencias ou ,de ser o caso, Plan Autoprotección			

	CONCRECIÓN CURRICULAR	21/04/2022	21/04/2022	
	NOFC	02/09/2022	02/09/2022	
	PLAN DE MELLORA (anual)	02/09/2022	02/09/2022	

O Proxecto Educativo estará dispoñible para a consulta da comunidade educativa na páxina web.

10. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO

O presente documento, **así como todos os que figuran na táboa anterior**, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan.

Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.